

ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2023-24

ACTIVIDADES COMPARTIDAS ENTRE OS CENTROS XUNQUEIRA 1 E XUNQUEIRA 2:

- Os/as nenos/as escolarizados no CEIP Xunqueira1 poderán participar nas actividades ofertadas no CEIP Xunqueira 2, sendo as familias as responsables de levar e recoller aos/ás participantes á actividade no lugar e hora indicado no calendario. No caso de que asistan ao comedor no día da actividade, e as familias non poidan trasladalos de centro, será obrigatorio cubrir o apartado correspondente na folla de inscrición para autorizar o/a monitor/a a recollelo/a e trasladalo/a dun colexio a outro.
- Os/as nenos/as escolarizados no CEIP Xunqueira2 poderán participar nas actividades ofertadas no CEIP Xunqueira 1, sendo as familias as responsables de levar e recoller aos/ás participantes á actividade no lugar e hora indicado no calendario. No caso de que asistan ao comedor no día da actividade e as familias non poidan trasladalos de centro, será obrigatorio cubrir o apartado correspondente na folla de inscrición para autorizar o/a monitor/a a recollelo/a e trasladalo/a dun colexio a outro

DATA DE REALIZACIÓN: de outubro de 2023 a xuño de 2024*

**As actividades extraescolares réxense polo calendario escolar. Nos días que coincidan con festivos ou días non lectivos non haberá clase nin serán recuperables, e o importe da cota manterase invariable ao longo do curso.*

SISTEMAS DE INSCRICIÓN:

- Enviando formulario de inscrición cuberto á dirección de correo electrónico: extraescolares@anias.es
- De forma presencial na oficina de Anias, na rúa Echegaray, 39, baixo, Pontevedra
- En liña escaneando o código QR que aparece a continuación



PRAZO DE INSCRICIÓN:

- **Para o inicio no mes de outubro:** Do 1 ao 17 de setembro de 2023.
- **Durante o resto do curso escolar:** antes do día 20 do mes anterior a comezar na actividade.

COBROS: as actividades extraescolares cobranse por medio de domiciliación bancaria **nos primeiros quince días do mes**. No caso de devolución de recibos sumarase 1,10€ por cada un, en concepto de gasto de devolución bancaria.

BAIXAS: para darse de baixa nunha actividade será necesario facelo por escrito, antes do día 20 do mes anterior á mesma. Respecto ás baixas comunicadas posteriormente a dita data non poderán ser efectivas ata o mes seguinte, polo que se efectuará o cargo do pago mensual correspondente.

O formulario de baixa pódese solicitar por teléfono, correo electrónico ou de forma presencial na nosa oficina.

MÍNIMO DE PARTICIPANTES POR ACTIVIDADE: Anias resérvase o dereito de non iniciar unha actividade no caso de non cubrir un mínimo de 8 prazas.



INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE O INICIO DAS ACTIVIDADES:

A EMPRESA SOAMENTE AVISARÁ ÁS FAMILIAS ANOTADAS EN ACTIVIDADES QUE SE CANCELEN POR NON CHEGAR AO MÍNIMO DE INSCRICIÓN. NO RESTO DOS CASOS NON SE COMUNICARÁ O INICIO DE CADA ACTIVIDADE, ENTENDENDO QUE DARÁN COMEZO NO MES DE OUTUBRO NOS DÍAS, HORARIOS E LUGARES INDICADOS NO CALENDARIO.

MAIS INFORMACIÓN E CONTACTO:

Na oficina de Anias: rúa Echegaray nº 39 baixo, Pontevedra. Teléfono: 986 864 598 (9:00 a 14:00 horas)

Tardes atención telefónica nos teléfonos: 685 535 202 (Coki), 649 34 64 57 (Ana)

Correo electrónico: extraescolares@anias.es.

